



**Concello de Vigo**

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E  
URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
21 DE OUTUBRO DE DE 2016.**

- 1.- Ratificación da urxencia.

BENESTAR SOCIAL

- 2.- Resolución da convocatoria do “Programa municipal de axuda extraordinaria a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación-2016” (AEFAS). Expte. 119777/301.

COMERCIO

- 3.- Expediente de contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas comerciais da cidade durante as Festas do Nadal. Expte. 3971/106.

CONTRATACIÓN

- 4.- Proposta desestimatoria de solicitude de modificación do contrato do servizo de Limpeza da Escola Municipal de Artes e Oficios. Expte. 886/13.
- 5.- Proposta desestimatoria de solicitude de modificación do contrato dos servizos de limpeza das áreas deportivas, vestiarios, servizos hixiánicos e outros espazos nas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos Deportes. Expte. 563/11.

DEPORTES

- 6.- Resolución da convocatoria de subvencións para potenciar a participación de deportistas da Cidade de Vigo en competicións oficiais de carácter internacional na tempada deportiva 2015-2016. Expte. 15112/333.
- 7.- Clasificación de ofertas para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos”. Expte. 14972/333.

RECURSOS HUMANOS

- 8.- Nomeamento de dous funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de condutor-bombeiro incluídas na Oferta de Emprego Público do correspondente ao ano 2012. Expte. 28742/220.

- 9.- Nomeamento de interino por acumulación de tarefas de un/unha auxiliar de Admón. Xeral, por un prazo máximo de seis meses, para o Servizo de Cultura. Expte. 28694/220.
- 10.- Nomeamento interino por acumulación de tarefas, de tres diplomados/as en Traballo Social por un prazo máximo de seis meses, para o Servizo de Benestar Social. Expte. 28696/220.

#### SERVIZOS XERAIS

- 11.- Expediente de contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do Concello de Vigo. Expte. 3815/440.
- 12.- Plan de seguridade e saúde e aceptación do Plan de Xestión de residuos da obra "Mellora da rede de saneamento nas rúas Lotas e Brea". Expte. 3286/443.
- 13.- Plan de seguridade e saúde e aceptación do Plan de xestión de residuos da obra "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Bueu". Expte. 3288/443.
- 14.- Anexo VI ao Plan de seguridade e saúde no traballo da obra "Reforma de cuberta e grada de Tribuna do Estadio de Balaídos. Fase II". Expte. 3290/443.

#### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **21 de outubro de 2016, ao remate da sesión ordinaria convocada para a mesma data**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.